

# ¿POR QUE O BLOQUE VOTOU NO PLENO EN CONTRA DE USAR OS CARTOS DO REMANENTE DE TESOURERIA?

1.- No noso Concello hai nestos momentos un remanente de 900.000 €

2.- O Remanente é o diñeiro que queda a favor do Concello unha vez que se realizan os pagos, e decir, a diferenza entre ingresos e pagos.

3.- O actual Goberno pretende utilizar ditos 900.000 € para facer obra nova.

4.- Catro días antes do Pleno no que se decidiría sobre as obras a realizar con esos cartos, María Maneiro, Concelleira de Facenda, convócanos, xunto co PSOE, a una reunión para negociar ditas obras. Esquecéndose, de feito voluntario, da súa excompañeira Asunción Torres.

5.- Dos case que 900.000 € para executar novas obras, comprobamos que moitas das obras que figuraban nese documento xa estaban executadas e pendentes de ser pagadas a cargo do remanente, logo , **qué era o que querían negociar?**

6.- Momentos antes da celebración do Pleno, o BNG presentoulles ao grupo de goberno un listado de obras necesarias e importantes no Concello, que eles non contemplaban no documento que levaban para a súa aprobación

7.- .... pero pola contra, en dito documento sí aparecían gastos que correspondían a outras administracións, tales como:

- **Reparación da muralla do Castro de Baroña. (18.412,20 €)**

O Castro foi declarado BIC (Ben de interés cultural), o cal quere decir que é competencia da Xunta de Galicia. ¿Por qué vai utilizar o Concello os cartos de todos os veciños en esta obra, cando reparar dita muralla e competencia da Xunta?

8.- Ou despilfarros como:

- **Arranxo de beirarrúa en Xuño. (3.455,22 €).**

Esta beirarrúa xa existente en Xuño, foi recortada polo Concello hai dous anos,xusto por diante do Bar Nica, para facer aparcamentos, e incumprindo a Lei, posto que a estreitaron a menos de 1,5 mts de ancho que debe ter, co cal non pode pasar nin un carriño de bebé. Agora a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras obrígalle ao gastar agora outra vez.Concello a repoñela ao seu estado orixinal. E decir, gastaronse cartos antes, e volvense a gastar agora outra vez.

9.- Durante o Pleno, o equipo de goberno, ao non conseguir aprobar as obras que querían, tentaron facernos responsabeis da súa incompetencia.

Lamentábel cando xa se había votado este punto, e ao non conseguir a súa aprobación (polas causas explicadas anteriormente), tentaron de novo sacalo adiante expulsando do Pleno á nosa Portavoz Municipal, Ánxela Franco, pensando que poderían facelo co voto de calidade do Alcalde, ipero eso non llo permite a **LEI!**

**10- O BNG quere deixar moi clara a nosa disposición a negociar, sempre e cando sexa con total claridade e transparencia, e se teñan en conta as propostas de todos os membros da Corporación, polo que emprazamos ao Goberno Municipal a abrir unha negociación baseada nestes principios.**